



## **PROCEDIMENTO IA01**

### **XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS**

#### **R1 - IA01 Necesidades de recursos e servizos**


#### **ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA**

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 23/02/2023

Vigo, a 1 de marzo de 2023

Guillermo García Lomba

Coordinador CGIC

	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: <b>IA01</b>
---	---	---	-----------------------

## **R1 - IA01 Necesidades de recursos e servizos**

### **CENTRO: ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA**

#### **1. Previsión de distribución de créditos para o curso 2023**

De acordo ao orzamento do ano 2023 da Universidade de Vigo os créditos dos capítulos II e VI distribúense de conformidade cos criterios de descentralización que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2023” do presuposto da Universidade de Vigo.

Unha vez comunicada informaticamente polo Servizo de Contabilidade a dotación inicial dos créditos descentralizados correspondentes ós Centros cómpre proceder á distribución dos mesmos para esta Escola.

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2023 os centros van recibir financiamento atendendo os seguintes criterios:

- a) Establécese un financiamento básico do presuposto do 2023 nos Capítulos II e VI que foi distribuído segundo as necesidades do Centro coa mesma dotación inicial que o ano anterior.
- b) Incluída nos créditos do Centro establécese unha dotación diferenciada para a Delegación de alumnos por mor dos requisitos da contabilidade analítica, individualizándose a nivel de clasificación orgánica no orzamento.

Dada a situación de compartir edificio con outro centro, os gastos da xestión do edificio e instalacións, serán comúns a todo o Edificio de Ampliación de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, para o que existe unha dotación específica que se recolle no Cadro II. Ó igual que nos exercicios orzamentarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Compre destacar no presuposto do ano 2023 a vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación por conceptos que se indica:

- 226.01 Atencións protocolarias.
- 226.02 Publicidade e propaganda.
- 227.06 Estudos e traballos técnicos

Neste exercicio mantense os mesmos elementos da clasificación económica de gastos do ano anterior que se corresponden co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos, que é a que veñen utilizando tanto o Estado como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: <b>IA01</b>
----------------------	---	--	-----------------------

coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

O estado de gastos confeccionarase aplicando: a) unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar (por exemplo, “111L Docencia”); b) unha clasificación orgánica que indica o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto (no noso caso “0008 Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía” e “AL08 Delegación de alumnos”); e c) unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo.

No exercicio 2023 o orzamento inicial para o programa “AL08 da Delegación de alumnos” é o seguinte:

#### CADRO I

CLASIFICACIÓN ECONOMICA		IMPORTES
Concepto	Denominación do gasto	Ano 2023
220	Material de oficina	800,00 €
226.99	Gastos diversos	2.000,00 €
TOTAL		2.800,00 €

Os créditos asignados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do/da Director/a ou Administrador/a do centro solicítase a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto. No exercicio 2023 o orzamento inicial común asignado para o mantemento e reparación de edificio e outras instalacións compartido pola Ampliación de Telecomunicación e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía reflíctese no seguinte cadro:

#### CADRO II

##### DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS MANTEMENTO EDIFICIO

Concepto	Denominación do gasto	2023
212	Reparacións edificios	11.700,00 €
213	Reparación Maquinaria e Instalacións	17.247,00 €
215	Reparación Mobiliario e Equipamento	2.700,00 €
TOTAL ARTIGO 21		<b>31.647,00 €</b>

No exercicio 2023 o orzamento inicial asignado á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ascende a un total de **61.703,00 €** (Cadro III).

Universidade de Vigo	XESTIÓ DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF:
			<b>IA01</b>

CADRO III

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA

Concepto	Denominación do gasto	2023
205	Arrendamentos fotocopiadoras	2.000,00 €
220	Material de oficina	8.000,00 €
221.01	Subministracións administrativas	3.000,00 €
221.02	Subministracións docentes	20.299,00 €
222	Comunicación	519,00 €
223	Transportes	3.785,00 €
226.01	Atencións protocolarias	3.000,00 €
226.02	Publicidade e propaganda	2.403,00 €
226.99	Gastos diversos	9.051,00 €
227.99	Traballos outras empresas	2.400,00 €
230	Indemnizacións razón servizo	3.785,00 €
TOTAL CAPITULO II		<b>59.457,00 €</b>
625	Mobiliario e equipamento	2.246,00 €
TOTAL CAPITULO VI		<b>2.246,00 €</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO II IV E VI</b>		<b>61.703,00 €</b>

CADRO IV

SUBMINISTRACIÓN DOCENTES

Código	Área	2022		2023	
		Alum	€	Alum	€
65	Ciencia Materiais	44	353	88	471
265	Estatística	86	689	88	471
280	Estratigrafía	2	100	10	100
295	Explotación de Minas	103	826	168	900
305	Expresión gráfica na Enxeñaría	84	673	93	498
385	Física Aplicada	176	1411	186	996
505	Enx. cartográfica, xeodésica e fotogr.	33	265	38	204
515	Enxeñaría dos procesos de fabricación	5	100	4	100
520	Enxeñaría de sistemas e automática	11	100	43	230
535	Enxeñaría eléctrica	164	1315	171	916
545	Enxeñaría mecánica	28	224	71	380
555	Enxeñaría química	156	1251	185	991
570	Linguaxes e sistemas informáticos	88	706	109	584
590	Máquinas e motores térmicos	254	2036	224	1200
596	Matemática aplicada II	275	2204	295	1580
600	Mecánica de fluídos	99	794	125	670
605	Mec. dos medios cont. e teoría de estr.	39	313	74	396

Universidade de Vigo	XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS E DOS SERVIZOS	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	CODIF: <b>IA01</b>
----------------------	---	--	-----------------------

650	Organización de empresas	93	746	95	509
710	Prospección e investigación mineira	13	104	24	129
720	Proxectos de Enxeñaría	28	224	21	113
785	Tecnoloxía electrónica	44	353	67	359
790	Tecnoloxía do medio ambiente	46	369	61	327
	<b>TOTAIS</b>	<b>1871</b>	<b>15156</b>	<b>2240</b>	<b>12124</b>

## 2. Reparto das subministracións docentes de áreas

Unha parte do orzamento ordinario distribúese entre as distintas áreas con docencia nas diferentes titulacións e dun xeito ponderado en función do número de alumnos matriculados nas súas materias segundo a PDA correspondente o curso académico anterior (Cadro IV). Cada área nomeará unha persoa coordinadora ou responsable que se ocupará da xestión do presuposto asignado a mesma.

## 3. Distribución das subministracións para equipamento de laboratorios docentes

A Dirección do Centro xestiona o investimento para atender as necesidades de equipamento dos diversos laboratorios empregados na docencia de todas as titulacións. Realízanse as inversións en equipos ou software unha vez estudadas e priorizadas as solicitudes dos Departamentos con docencia na Escola. Faise unha convocatoria por curso e tratan de cubrirse na medida do posible tódalas necesidades existentes. A Escola tamén reserva desta partida unha parte para o mantemento/mellora daqueles laboratorios de uso común (aulas de informática) que non dependen directamente de ningunha área, senón do centro.

## 4. Proceso de xestión e criterios de selección de provedores.

As adquisicións realizaranse a través da aplicación informática de pedidos polo PAS designado para a súa xestión. A Administradora do Centro executará a adquisición, ordenando todos os pagamentos que teñan que facerse con cargo ás diferentes partidas que figuren no correspondente Orzamento do Centro. A execución das compras rexerese pola normativa vixente, respecto aos límites correspondentes para os contratos menores, procedementos negociados ou concursos. As normas de desenvolvemento do orzamento do exercicio 2023, establecen que nos contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros, os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do sector público deberán invitar á formulación de ofertas, alomenos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible. As empresas invitadas non poderán estar relacionadas entre elas. Tamén hai que ter en conta para a selección de provedores, a instrución xerencial do 27 de xullo de 2018 pola que se actualizan os límites da Contratación menor.

Vigo, 20 de Febreiro de 2023

Asdo. Francisco Javier Deive Herva, Subdirector de infraestruturas e AAEE,